

O teatro: materia educativa

Beatriz Fernández Cortizas

IES Eduardo Pondal (Ponteceso)

beacortizas@gmail.com

Despois de máis de dez anos dirixindo o grupo de teatro do instituto e de participar en diferentes obradoiros relacionados co teatro, hai tres anos que dei o paso de ofertar no centro onde traballo as materias optativas de Teatro e Drama en 1º e 2º da ESO respectivamente, cunha carga horaria dunha hora semanal en cada curso.

Dividín os contidos na programación en ambos cursos en tres grandes bloques. Así, en Teatro son : o personaxe, o argumento e a representación; e en Drama: elementos que compoñen o Drama, as distintas linguaxes expresivas e o proceso dramático.

A nosa aula é o salón de actos do IES que, aínda que é moi pequeno, é un lugar que xa predispón o corpo e a mente a un xeito diferente de traballar.

A metodoloxía que emprego na aula está baseada na pedagogía teatral. Intento potenciar a partes iguais o imaxinario afectivo e o artístico do alumnado, favorecendo a exposición da súa vocación humana e da creativa.

Non traballo os contidos dende un texto pechado, senón que empregamos pequenas pezas e referencias ao longo do curso como apoio ao traballo que esteamos desenvolvendo nese momento. Nalgunhas ocasións son textos propostos por min e noutras de creación propia do alumnado. Con eles traballo a expresión dramática paralelamente á expresión lingüísti-



ca, corporal, plástica e escrita, e sempre empregando o xogo como ferramenta fundamental. Facémolo a través do xogo espontáneo, do xogo dirixido, de exercicios de dinámicas de grupo, quecementos, relaxacións, exercicios musicais, creativos, mecánicos, técnicas de voz...

Non quero estar suxeita á obriga de ter que amosar un produto final, penso que o importante do proceso de aprendizaxe sucede día a día co traballo do grupo e tamén co traballo individual na aula. O alumnado séntese máis libre e seguro se non ten que cingirse a un único papel e a unha representación con público, se ben é certo que ás veces colaboramos nalgunha celebración puntual que se realiza no centro realizando algunha *performance* ou pequenas pezas de creación propia.

É sabido o papel tan importante que desempeña a práctica do teatro no desenvolvemento do alumnado como seres autónomos, xa non só academicamen-

te senón tamén emocionalmente.

O teatro debería estar presente nas aulas de todos os centros educativos como un recurso aplicable en todas as materias, xa que lle achega ao alumnado experiencias positivas tanto individual como grupalmente. Mellora o autoconhecimento, a capacidade de comunicación e a creatividade, e potencia o concepto de equipo e o traballo colaborador.

Nestes anos só atopo vantaxes no acadado, cada día o alumnado da materia chega con ganas á aula, dispostos a amosar o que levan dentro e non son capaces de expresar noutros ámbitos. Despois da nosa rutina de quecemento e chegada á aula entran nun estado de autoconfianza que fai que gañen seguridade, e crean entre eles un ambiente de traballo no que chegan a sentirse libres.■